



Número de expediente: 2022/SUBDIREC/000010

ASUNTO: DECRETO DA ALCALDÍA POLO QUE SE APROBAN A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN A ENTIDADE FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO PARA A PROMOCIÓN DO PIRAGÜISMO NO CONCELLO DE PONTEVEDRA NO ANO 2022 E O SEU CONVENIO REGULADOR

Examinado o expediente tramitado para conceder a subvención directa que se sinala no asunto, resultan acreditados os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Por providencia ditada polo órgano competente, dispúxose iniciar o expediente para o outorgamento dunha subvención directa a entidade Federación Galega de Piragüismo, NIF G36040764, para a promoción do piragüismo no Concello de Pontevedra no ano 2022 a través do apoio a organización das actividades “Copa España sprint 1000m senior e xunior”, “Copa España xoves promesas”, “Copa España dragón”, “Campionato España sprint e maratón curto veteranos”, “Campionato España xoves promesas” e “Torneos nacionais kaiak-polo”.

2.- O expediente informouse polo Servizo Xestor e pola Asesoría Xurídica Municipal.

3.- O Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade contabilizou a operación contable necesaria para o outorgamento da subvención e a Intervención Xeral Municipal fiscalizou de conformidade o expediente.

4. En atención ao disposto no apartado de explicacións do informe da intervención xeral municipal, procédese a corrección do derradeiro parágrafo da cláusula sexta do proxecto de convenio incorporado ao expediente no sentido de incorporar ao mesmo a modificación do artigo 7 da Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra o fraude, prevista no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- O artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local establece que o municipio, exercerá en todo caso competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na materia obxecto da subvención, o que xustifica a utilidade pública e interese social na concesión da axuda.

2.- O artigo 3 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra dispón que son subvencións as disposicións dinerarias realizadas polo concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

3.- O artigo 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, establece que poderán concederse subvencións de forma directa cando estas estivesen previstas nominativamente nos orzamentos dos entes públicos.

De conformidade cos fundamentos expostos e no exercicio das súas competencias, esta Alcaldía,

ACORDA

Primeiro: Aprobar a concesión da subvención prevista nominativamente nos orzamentos municipais, a Federación Galega de Piragüismo, co NIF G36040764, para apoiar a organización das actividades





“Copa España sprint 1000m senior e xunior”, “Copa España xoves promesas”, “Copa España dragón”, “Campionato España sprint e maratón curto veteráns”, “Campionato España xoves promesas” e “Torneos nacionais kaiak-polo” por importe de 15.000,00 €, nos termos previstos na memoria da Concellaría de Educación, Deportes, Actividade Física e Saúde e no convenio regulador da axuda.

A achega económica financiará como máximo o 100% do importe do gasto total do programa subvencionado, co límite de 15.000,00 €, en base ás especiais razóns de interese público e social motivadas no expediente.

Segundo: Aprobar o gasto polo importe e con cargo á operación contable da aplicación orzamentaria do exercicio vixente que se detalla:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	OPERACIÓN CONTABLE	IMPORTE
05.3410.489.06	RC 202200024780	15.000,00 €
IMPORTE TOTAL		15.000,00 €

Terceiro: Aprobar o texto do convenio polo que se regula a subvención como anexo a este acordo, coa modificación introducida proposta pola Intervención Xeral municipal, contido no documento CSV EID61ENNZAUMRV2W.

Así se decreta e ordena polo Sr. alcalde, en Pontevedra na data que figura na sinatura electrónica, do que o secretario da administración municipal dá fe.

